

Título	Bo, mellor, o mellor - CALIDADES E XÉNERO
Persoas	2 facilitadores/as
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer que as persoas son inducidas por efecto da socialización a considerar algunhas características como femininas e outras como masculinas. • Descubrir que a sociedade considera algunhas características como «positivas» ou «desexables» e outras como «negativas» ou «indeseables». • Concienciar sobre a natureza case automática da categorización social
Enfoque	Esta actividade pon de manifesto os estereotipos de xénero e a tendencia da sociedade a clasificar as características «femininas» e «masculinas» como desexables ou indeseables.
Materiais	<ul style="list-style-type: none"> • Dous grupos de tarxetas que leven escritos os distintos adxectivos da lista • Unha folla de traballo e instrucións para os grupos A e B
Descrición	
Tempos	Paso a paso
	<p>Crea dous grupos co mesmo número de persoas. Pídelles que senten en extremos separados da sala.</p> <p>Entrégalles os sobres coas tarxetas e mais as follas de exercicios coas instrucións. Explica que deben seguir as instrucións da folla e traballar á maior velocidade posible.</p> <p>Teñen 10 minutos para realizar a tarefa seguindo as instrucións da folla.</p>
	<p>Folla de exercicios para o Grupo A :</p> <ul style="list-style-type: none"> • Unha folla de papel en branco dividida en dúas columnas. Cada columna debe ter un encabezado: nunha debe poñer «FEMININO» e na outra «MASCULINO». • Unha folla con estas instrucións: <i>«Algunhas características considéranse máis femininas e outras máis masculinas. Debedes colocar as tarxetas na columna á que pensades que pertencen. Traballade todo o rápido que poidades, sen pensalo demasiado.»</i>
	<p>Folla de exercicios para o Grupo B:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Unha folla de papel en branco dividida en dúas columnas. Cada columna debe ter un encabezado: nunha debe poñer «POSITIVO» e na outra «NEGATIVO». • Unha folla con estas instrucións: <i>«Algunhas características considéranse máis desexables e outras máis indeseables. Debedes colocar as tarxetas na columna á que pensades que pertencen. Traballade todo o rápido que poidades, sen pensalo demasiado.»</i>

	<p>Cando rematen, volve xuntar o grupo. Escribe dous encabezados no rotafolio: «Feminino» e «Masculino» e pide que o Grupo A dite as características que puxo no encabezado «Feminino». Logo de cada adxectivo, pregunta se o Grupo B colocou ese adxectivo na columna «Positivo / Desexable» ou «Negativo / Indesexable».</p> <p>Anota esta información onda o adxectivo, indicándoo cun signo máis (+) ou menos (-).</p>		
	<p>Recapitulación e avaliación</p> <p>Inicia unha rolda de primeiras impresións sobre o exercicio e resultados.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Que vos pareceu o exercicio? Que vos gusta ou desgusta del? Por que? • Qué pensades dos resultados, á vista do resumo? • Sorpréndevos algo dos resultados? Que? Por que resulta sorprendente? <p>As características da columna feminina adoitan ter máis signos menos...</p> <ul style="list-style-type: none"> • Que pensamos desta diferenza? • De onde proveñen esas diferenzas? • Considerades que esta caracterización dos atributos masculinos e femininos é xusta ou que polo contrario obedece a simples estereotipos? • Como aprendemos os estereotipos de xénero? • Identificádevos con algún deles (en vós mesmos ou nas persoas que vos rodean)? • Na vosa opinión, de que maneira inflúen os estereotipos de xénero na nosa maneira de avaliar ou vulgar a homes e mulleres? 		
Fonte	<p>http://www.eycb.coe.int/gendermatters/pdf/Gender_matters_EN.pdf</p> <p>https://www.mimp.gob.pe/files/programas_nacionales/pncvfs/Proyecto_Apoyo_Asociacion_Juristas/Las_Cuestiones_de_Genero_son_importantes.pdf</p>		
Apéndice	<table style="width: 100%; border: none;"> <tr> <td style="vertical-align: top; width: 50%;"> <ul style="list-style-type: none"> • dependente • independente • emotiv@ • racional • obxectiv@ • subxectiv@ • sumis@ • dominante • pasiv@ • activ@ </td> <td style="vertical-align: top; width: 50%;"> <ul style="list-style-type: none"> • hábil para os negocios • non hábil para os negocios • competente • incompetente • indecis@ • decidid@ • ambicios@ • conformista • diplomátic@ • direct@ </td> </tr> </table>	<ul style="list-style-type: none"> • dependente • independente • emotiv@ • racional • obxectiv@ • subxectiv@ • sumis@ • dominante • pasiv@ • activ@ 	<ul style="list-style-type: none"> • hábil para os negocios • non hábil para os negocios • competente • incompetente • indecis@ • decidid@ • ambicios@ • conformista • diplomátic@ • direct@
<ul style="list-style-type: none"> • dependente • independente • emotiv@ • racional • obxectiv@ • subxectiv@ • sumis@ • dominante • pasiv@ • activ@ 	<ul style="list-style-type: none"> • hábil para os negocios • non hábil para os negocios • competente • incompetente • indecis@ • decidid@ • ambicios@ • conformista • diplomátic@ • direct@ 		
H M	<p>Algunhas características considéranse máis femininas e outras máis masculinas.</p> <p>Debedes colocar as tarxetas na columna á que pensades que maioritariamente pertencen. Andade lixeiros, sen parar a pensar demasiado!</p>		

+ -	Algunhas características considéranse máis desexables e outras máis indeseables. Debedes colocar as tarxetas na columna á que pensades que maioritariamente pertencen. Andade lixeiros, sen parar a pensar demasiado!
-----	--